



El diablo en la playa

Crítica Decembro 14, 2020 **Iván Fernández**



Foto: Rubén Vilanova

A morte da realidade

Matarile presentou esta pasada fin de semana na Sala Ártika de Vigo a súa nova montaxe, *El diablo en la playa*, coa que chegan á nada desprezable cifra de 30 de espectáculos. Trinta coma os anos que a compañía cumpriu enriba das táboas no 2016, e que a converten nunha das máis senlleiras do noso panorama teatral.

Con *El diablo en la playa*, Matarile segue a coñecida liña de creación de **Ana Vallés**, fundindo persoas con personaxes, luces e vibracións sonoras, nunha atmosfera (firmada co selo indiscutible de Baltasar Patiño) que por momentos parece sacada dun soño, deixando imaxes marcadas na retina. Dalgún xeito, esta peza continúa o camiño de investigación trazado pola súa peza anterior, *DAIMON y la jodida lógica*, mais, se na anterior atopabámonos co demo que cada un de nós leva dentro, nesta podemos observar o propio e mesmo inferno.

Ficción e realidade fusiónanse dun xeito extremadamente poético, a través da conxunción de dúas personalidades como son as de **Celeste** e **Claudia Faci**, quen de feito se atopa no celme da orixe desta creación. Os universos destas dúas mulleres (únicas, irreverentes, magnéticas) coliden e estoupan nun *big bang* que vai dende o propio ao común, dende o biográfico ao universal, dende a introspección á comunicación coa outra e, alén, cx espectador/x.

É por iso que penso/sinto que esta peza podería chamarse “*A morte da realidade*”, pois xoga coas diferentes realidades que nos presenta creando con elas un universo paralelo, sen sabermos nunca se este é imaxinario ou non. Xoga coa relación entre as intérpretes e con como esta podería ser. Preséntanos a súa intimidade máis espida, envolta en tenrura e crueldade. Amósanos como o caos tan referido na súa prosa (segundo a filosofía de Deleuze), atopa efectivamente unha orde, a orde persoal de dúas mulleres únicas na súa especie.

Mais, tamén, podería chamar a esta memoria emocional “*A morte da ficción*”, xa que ao tempo que a peza xoga coa realidade, amósanos diante dos nosos ollos todo o artefacto espido que a constrúe: o artefacto teatral, artístico, a composición danzada, a idolatría e o imaxinario Rock, de tal xeito que esta tripa exposta conxuga unha realidade, se cadra, máis forte que a propia, que a que temos.

En *El diablo en la playa* atopo unha coherencia que ten que ver coa verdade (si, tamén podería chamar a este artigo, “*A morte da verdade*”), con esa verdade tan persoal que a Vallés vén amosando en cada unha das súas montaxes e, de xeito específico, en *Teatro invisible*. Se son moitas as veces que hoxe en día podemos atopar “o teatro dentro do teatro”, nesta proposta podemos ver xusto o contrario, “o teatro fóra do teatro”.

Por certo, eu quero saber onde se acada unha alfombra/praias desas até a que chegan as ondas.

